

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Hoxe non atopei no ascensor a ninguén. Vou durmir porque sinto que non hai nada máis que poida facer esperta. É un deses días nos que o tempo pasou a unha velocidade inconmensurábel. Déitome e decido pensar. É unha actitude deliberada, unha busca por recrearme nos eventos destas semanas últimas. Os avances son máis claros dende a frialdade do afastamento temporal. Pasou o tempo e os pasos entre as sombras dos recunchos semellan deixar certas marcas no camiño. Semella que a constancia -ou case constancia- no proceso é quen de nos guiar cara a un achegamento ao resultado.

Rematarei este caderno escrito en intres de pausa, quédome sen páxinas. Seguirán pasando os días, seguirei co meu constante ritmo. Pensei, sempre, que era preferíbel manterse que cambiar. Cría que a permanencia do estado primixenio, a anulación de calquera aceno evolutivo, era aquilo polo que debía loitar. Loitaba de xeito permanente contra o cambio e, ao sentir a presión da ollada externa nas conversas, cría o máis conveniente ser distinta, e como non quería -non podía- bloqueábame. Cría que as palabras, no canto de achegarnos, nos alonxan. Mais son, verdadeiramente, os erros sutís os que dotan de encanto as nosas frases. Sei que elaboramos os tecidos das conversas con cada verba e que o agarimo de cada mínima pronunciación é quen de dotalos dunha maior resistencia ante a ameaza de cada golpe de presión aérea.

Deixo de escribir e entendo que agora son quen de deixarlle máis espazo aos demais neste mundo interno. Tento -e cada día me achego máis a logralo- atopar o equilibrio entre o egoísmo puro e a concesión. Non concedo, mais entendo, e escoito. Os sons eran murmurios e convértense agora en imaxes, en oracións. Non

calo, mais tampouco monopolizo coa forza da represión dos impulsos externos o meu cerebro. Só respiro. E non son un punto que corre entre os lugares, un desprazamento baleiro e silandeiro. Son.